

## UN ENCONTRO MISTERIOSO

1. Le e completa o texto cos verbos que faltan (en pretérito).
2. Agora, por parellas, continuade a historia de Sofía.

Sofía ..... (ERGUERSE) cedo aquela mañá. .... (MAQUILLARSE) a toda présa, ..... (POÑER) o abrigo e ..... (BAIXAR) á rúa. Logo, ..... (MERCAR) o xornal e ..... (COLLER) o autobús ata a praza da Verdura. Alí ..... (SENTAR) nunha cafetería, ..... (PEDIR) un té e ..... (ABRIR) o xornal. Dez minutos máis tarde, ..... (CHEGOU) un home con lentes escuros e un chapeu. .... (SENTAR) na mesa do lado. (PEDIRLLE) ..... ao camareiro un café con leite. .... (PAGAR) e ..... (MARCHAR) sen dicir nada máis. Ao ir pagar, Sofía ..... (VER) un sobre de cor marrón enriba da mesa. Entón, ..... (SACAR) o teléfono móbil do bolso e ..... (ESCRIBIR) unha mensaxe: RECIBIDO.